



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN O DÍA 4 DE ABRIL DE 2016
(NÚM. 05/16)**

Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello de Bueu

Data: 4 de abril de 2016

Hora convocatoria: 20:00 horas

Hora comezo: 20:00 horas

Hora remate: 20:25

Sres. asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Félix Juncal Novas

Concelleiros:

Polo grupo BNG-Asambleas Abertas:

D. Martín Villanueva Pastoriza

D. Juan Carlos Eirea Eiras

D^a Ana Isabel Otero Pastoriza

D. José Inocente García Cuervo

D. Fidel Castro Quiroga

D. Manuel Otero Pérez

D. Xosé Leal Fariña

D^a M^a Teresa López González

D^a Silvia Carballo González

D^a Inmaculada Concepción Rodríguez Días

Polo grupo Partido Popular:

D^a Berta Pérez Hernández

D. Manuel Santos Pires

D^a Mercedes del Pilar Otero González

Polo grupo SON

D. Julio Villanueva González

Secretaria:

D^a Nuria Lobato del Río

Interventor:

D. Sergio Curra Moreira

Incidencias: Non asisten os Concelleiros Sr. Vilas Pastoriza, do PSdeG-PSOE e a Sra. Pérez Piñeiro, do BNG, cuxa ausencia non xustifican.

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Bueu, sendo as 20:00 horas do día 4 de abril de 2016, reúnese o Pleno da Corporación Municipal baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Félix Juncal Novas, co fin de celebrar sesión ordinaria, coa seguinte orde do día que resulta da Resolución da Alcaldía núm. 203/16 de data 30 de marzo de 2016 e notificada os membros da mesma:



- 1. Aprobación da acta da sesión plenaria núm. 03/16 (ordinaria do mes de marzo de 2016, celebrada o día 07.03.2016)**
- 2. Dación conta das Resolucións da Alcaldía habidas dende a derradeira sesión ordinaria.**
- 3. Dación conta dos reparos de legalidade formulados pola Intervención Municipal dende a derradeira sesión ordinaria.**
- 4. Rogos e preguntas.**

Comprobada a existencia de quorum esixible para a celebración da sesión, polo Sr. Alcalde declárase aberta a mesma.

1. Aprobación da acta da sesión plenaria núm. 03/16 (ordinaria do mes de marzo de 2016, celebrada o día 07.03.2016)

Pola Presidencia dase conta do borrador da acta núm. 03/16 da sesión ordinaria da Corporación Municipal correspondente ao mes de marzo, celebrada o día 3 do pasado mes de marzo de 2016.

- **Sr. Villanueva González (SON):**

No punto núm. 5, páxina 12, en canto a súa intervención, onde dí: *“non veña agora a falar de 2015, debe dicir: “non veña agora a falar do 2003”.*

Na súa derradeira intervención no punto núm. 7, páxina 20, no segundo parágrafo, onde dí: *Non entendo como lle costa cambiar o voto. Se lle fago unha pregunta ó Interventor, responde a Secretaria, ás veces; debe dicir: Non entendo como lle costa cambiar o voto. Se lle fago unha pregunta ó Interventor, non responde, e a Secretaria, a veces.*

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. Alcalde somete a aprobación o borrador da acta núm. 03/16 da sesión ordinaria da Corporación Municipal correspondente ao mes de marzo, celebrada o día 3 do pasado mes de marzo de 2016, a votación ordinaria, nominal e a man alzada, co seguinte resultado:

O Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, nominal a man alzada, acorda, por unanimidade dos seus membros presentes (15 votos a favor, dos que 11 correspondente aos Concelleiros asistentes pertencentes ao grupo municipal do BNG-Asambleas Abertas, 03 dos Concelleiros pertencentes ao grupo municipal do PP, e 01 do Concelleiro do grupo municipal de SON), acorda prestar aprobación a acta núm. 03/16 da sesión ordinaria da Corporación Municipal correspondente ao mes de marzo de 2016, celebrada o pasado 3 de marzo, coas modificacións sinaladas polo Concelleiro Sr. Villanueva González.

2. Dación conta das Resolucións da Alcaldía habidas dende a derradeira sesión ordinaria.

Pola presidencia dase conta das Resolucións da Alcaldía habidas dende a derradeira sesión ordinaria que, xunto coa súa relación, estiveron a dispor dos Sres. Colcelleiros dende a convocatoria da sesión.

Non habendo intervencións ó respecto, polo Sr. Alcalde declárase terse coñecemento polo Pleno da Corporación das resolucións habidas dende a última sesión ordinaria.



3. Dación conta dos reparos de legalidade formulados pola Intervención Municipal dende a derradeira sesión ordinaria.

Pola presidencia enténdese dada conta dos reparos de legalidade formulados pola Intervención do Concello de Bueu dende a última sesión ordinaria que, xunto coa súa relación, estiveron a dispor dos Sres. Concelleiros dende a convocatoria da sesión.

Non formulándose ningunha intervención, polo Sr. Alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da Corporación Municipal dos reparos de legalidade formulados pola Intervención Municipal dende a última sesión ordinaria.

5. Rogos e preguntas.

- **Sr. Alcalde-Presidente:**
Pide conste en acta que, antes do inicio da sesión, foi entregado ós grupos presentes da Corporación, copia do informe de Secretaría, en relación coas dedicacións do goberno municipal.
- **Sr. Villanueva González (SON):**
Fai entrega, por escrito, dunha exposición de motivos en canto a moción que o seu grupo ten pensado presentar en varios Concellos, así como unha serie de preguntas; entendendo que non sexa contestado hoxe:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea ratificou o 10 de marzo deste ano o incumprimento reiterado do tratamento das augas residuais de, entre outras, a ría de Pontevedra. Fíxoo a raíz dunha denuncia formulada pola Comisión Europea ao Estado español en novembro de 2014, sinalando o “indudable risco para a saúde pública” orixinado por un deficiente saneamento desas augas.

Desde Europa, o primeiro chamamento para a busca de solucións datou de 2003, e na recente resolución establécese que España incumpriu a obriga de garantir un tratamento secundario ou un proceso equivalente das augas residuais que entran nos sistemas colectores da aglomeración Pontevedra-Marín-Poio-Bueu.

De momento non se fixou unha multa, como a de 20 millóns de euros imposta no seu día pola contaminación da ría de Vigo (arquivada tras a presentación dun novo plan de saneamento), pero a xustiza europea xa sinalou que o noso saneamento incumpre os requisitos do artigo 4 e do artigo 5 (apartados 2 e 3) da directiva europea sobre augas residuais (que sinalan que estas aglomeracións urbanas deberían dispoñer, a máis tardar en 1998, dun sistema de tratamento máis riguroso para as súas augas.

En agosto de 2015 as autoridades españolas trasladáronlle á Comisión Europea a data de setembro de 2020 como horizonte para resolver os problemas de depuración.

En Bueu consta un informe da empresa adxudicataria Aqualia a petición de Augas de Galicia, que constata a presenza alomenos 25 verquidos ilegais e incontrolados, así como posibles deficiencias na EDAR a cal tivo un correcto funcionamento mentres foi de competencia pública.

Cónstanos que houbo inversións na EDAR de Bueu de 170.00 euros para facer un terceiro tratamento das augas residuais con tratamento ultravioleta, parece que inactivo dende a súa instalación.



PREGUNTAS

1. *¿Cónstalle ó axuntamento algunha actuación total ou parcial sobre os 25 focos de contaminación que sinalan no informe de Aqualia?*
2. *Ten o axuntamento control sobre a concesionaria?*
3. *¿Cántos camións de lodo u toneladas sacábanse ó porse en marcha a EDAR e cuántos se sacan neste momento?*
4. *¿Consta se o terceiro tratamento con raios ultravioleta está activo?*
5. *Sabendo que é unha EDAR preparada para 17.000 habitantes ¿cónstalle ó axuntamento o número de usuarios que a utilizan e o incremento no verán de usuarios?*
6. *¿Ata cándo está a concesión en vigor, e se ten pensado retomar o control público da EDAR?*

Esperamos que coa maior brevidade sexan contestadas as preguntas por escrito ó grupo municipal de ACB-SON.

- **Sr. Alcalde:**
Serán respostadas en Pleno. Moitas destas cuestións teñen carácter técnico e terán que recabarse os correspondentes informes técnicos.
- **Sra. Pérez Hernández (PP):**
ROGO: As luminarias seguen encendendo co horario de inverno, o que supón unha perda do aforro do cambio a LED, pregando sexa adaptado o seu encendido.

PREGUNTA: No Pleno de febreiro so grupo SON presentou unha moción instando á formalización das cesións dos terreos do sendeiro fluvial do río Bispo, como se fixo con un dos propietarios, e que foi aprobada por unanimidade ¿qué se fixo ó respecto?

- **Sr. Alcalde:**
En canto ó rogo, boa parte do alumedado público dispón dun reloxo que adapta o encendido á situación climatolóxica tendo en conta a luminosidade. As semanas pasadas foron días propiamente invernaís máis que de primaveira; efectivamente lle demos unha hora para adiante ó rexolo, aínda a luminosidade que había era moi pouca, digamos que, dalgunha forma adiantamos o seu horario de entrada. Tardan varios días en axustarse automaticamente; nos próximos día seguramente quede todo completado.
Se estivo a realizar algún traballo dos que son manuais por parte dos servizos municipais; pode quedar algún todavía, de ahí esa explicación de que algunhas aínda arrancan demasiado cedo. Posiblemente esa sexa unha das razóns.
Por outra banda, cando se efectúa algún traballo de reposición dos puntos que están fundidos, hai que encender todo ese tramo para ver cales están fundidos, tamén pode ser outra das razóns.
De todas formas estanse a facer os correspondentes axustes ou de xeito automático ou a través do personal municipal.



En canto á pregunta, xa dende un primeiro momento houbo algún tipo de cesión de uso, non da propiedade. Todo vai depender neste caso da capacidade que teñamos nos servizos técnicos, que teñen un volume de traballo enorme. O que se require a día de hoxe para poder tramitar moitos procedementos por parte dos técnicos municipais leva en ocasións moitísimo retraso, non porque non se traballe, simplemente porque non hai capacidade para atender tanto volume.

Temos que priorizar para poder desatascar moitas veces o que temos encima. Tramitar hoxe en día moitos expedientes, sobre todo procedementos de licitación de obras e demais, requiren cada vez máis garantir todo tipo de autorizacións; condicionando dalgunha maneira que outros temas que, aínda que son importantes, non é que non se teña en conta, pero teñen que ir con outro ritmo diferente.

- **Sra. Pérez Hernández (PP):**
Faime dubidar ata que punto as mocións que se traen a pleno sirven para algo, porque parece que é como almacenar información sin que o final surtan efecto.
- **Sr. Villanueva González (SON):**
Por alusións, en canto a súa moción a que fai referencia a Sra. Pérez Hernández, tiña pensado preguntar mais tarde por ela, porque entende que non se resolvería dun día para otro. Entende que, como di o Sr. Alcalde, trátase de cuestións técnicas.
Pero teño outra pregunta:
Fará aproximadamente un mes tratouse unha moción conxunta de todos os grupos da oposición en canto a elaboración dun Regulamento Interno.
¿Cándo ten pensado o Sr. Alcalde facer a Xunta de Voceiros para tratar o tema. Vemos que non queda outra que para o Pleno que ven volver a presentala e ter que votala como Deus manda.
 - **Sr. Alcalde:**
Xa no seu momento manifestou que será convocada Xunta de Voceiros cando estemos en condicións de convocala para debater sobre a base dalgún documento; terá unha parte técnica e outra que será de vontade política. Entre tanto, a Xunta de Voceiros non ten tampouco moito senso.
 - **Sr. Villanueva González (SON):**
Creo que se está equivocando porque si algo dixo o grupo municipal do BNG e que era demasiado técnica e que non se entendía, e que por lei era o que iba. Creo que o que a oposición quería naquel momento, senón que me rectifique o PP, era exactamente iso: un compromiso democrático do Sr. Alcalde para que a oposición tivese mais posibilidades de acceder á información do Concello. Esperemos que de aquí a un mes, convoque a Xunta de Voceiros e sexa pola tarde, porque si é pola mañá, anticipolle que non vou poder asistir.
- **Sr. Santos Pires (PP):**
En relación ó informe que se me fixo chegar da Secretaría da Mancomunidade e Concellos do Morrazo, quería saber si o Concello de Bueu vai facer algo como institución para que se devolvan os cartos ás persoas que se lle cobrou o recibo



de forma incorrecta; en canto los locais valdeiros houbo un cambio de interpretación que realmente era clara dende un principio.

Logo pregunta se dende o Concello vaise pedir á Mancomunidade que proceda á devolución de oficio, ou serían os interesados os que teñen que proceder á solicitude persoal das taxas pagadas.

○ **Sr. Alcalde:**

En todo caso, quen ten que acreditar a circunstancia de como está o local, é o seu propietario, o Concello nunca vai ser quen de coñecer a situación, nin a propia Mancomunidade. Terá que haber unha solicitude coa acreditación da circunstancia do local en cada momento, para que, ou ben se exima ou ben proceda a devolución. Por tanto ten que ser de forma individualizada.

○ **Sr. Santos Pires (PP):**

As solicitudes que se contestaron negativamente ¿teñen que volver a solicitalo?

○ **Sr. Alcalde:**

O correcto será que volvan a solicitado; eso pasa con todos os procedementos tributarios. É dicir, ten que haber un procedemento tributario, neste caso para a revisión desa liquidación, se procede a anulación e devolución da cuota, independentemente de que se tome algún tipo de acordo na Mancomunidade, que é a quen lle corresponde.

Logo de que se tramiten os correspondentes procedementos se ve que a Mancomunidade por algunha razón fai caso omiso, sería o momento de que intervíramos como Concello, pero o correcto entende que se promova por cada un dos contribuíntes as pertinentes reclamacións, e á vista do que conteste a Mancomunidade, actuaríase.

○ **Sr. Santos Pires (PP):**

Entende que si xa fixo a solicitude e foille denegada en base a unha interpretación errónea da ordenanza, debería ser a propia Mancomunidade, mediante un expediente de oficio, o que tería que proceder á rectificación da resolución.

○ **Sr. Alcalde:**

Nós a priori non sabemos si eso foi así. Á vista do que conteste a Mancomunidade, actuaremos ó respecto.

○ **Sr. Santos Pires (PP):**

Na mesma ordenanza -porque se trata dunha ordenanza que deberíamos instar a modificación-, outra cousa que se está a facer mal dende a Mancomunidade e eu protesto como veciño e como suxeito pasivo da taxa, hasta que me dixeron que era mías importante o substituto do contribuínte que o propio contribuínte, entende que unha opinión moi personal do ORAL de Bueu, dixéronme que aínda que a ordenanza teña un suxeito pasivo, a administración pode dicidir optar ir en contra do contribuínte ou do substituto do contribuínte segundo lle conveña.

Logo quería saber tamén se cando se trata dun local incluído no art. 2º a), que son os locais comerciais ou uso profesional, quen ten que pagar a taxa do lixo: si o ocupante por calquer tipo de título como día a



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

Ordenanza, ou o propietario do inmovible, e según o ORAL é o propietario do inmovible, cando a ordenanza dí o contrario.

Entón igual que pedín o informe no seu día, haber se podemos instar outra emisión do informe dende aquí para que se rectifique tamén ese criterio mal collido pola Mancomunidade de Concellos do Morrazo.

No caso dun local comercial que esté en aluguer, quen é o responsable da taxa do lixo: si é o propietario ou o arrendatario.

○ **Sr. Alcalde:**

Que o solicite por escrito para poder instar o correspondente informe.

E non habendo outros asuntos que tratar, a Presidencia da por rematada a sesión cando son as 20:25 horas do día ó principio sinalado, de todolo que, en canto Secretaria Xeral da Corporación, dou fe.

A Secretaria,

Vº Pr.
O Alcalde,